Outra vez os erros defensivos.

O equipo cadete do Numancia empatou a tres tantos fronte ao As Pontes no seu partido de liga disputado na tarde do sábado en Prados Vellos. Ao descanso chegouse con vitoria visitante por 0 a 1.

Ares 28 de abril de 2012.

ALIÑACIONS:

NUMANCIA: Roberto (Agustín 46´), José Manuel (Nico 63´), Alberto, Miguelito, Brais (David 46´), Adrián, Marcelo, Miguel, Iván, Fran (Sergio 50´), e Novoa.

AS PONTES: Ángel, Alberto, Jandro (Martínez 55´), Caínzos, David (Rey 46´), Iván, Diego, Brais, Nahum (Óscar 71´), Alex (Jorge 46´) e Roberto (Rooney 60´).

COLEXIADO: Francisco Javier Piñón López. Amoestou a Miguelito polo Numancia e a David e Rey polo As Pontes.

GOLES: Diego, Brais e Rey para As Pontes. Iván (2) e Adrián para o Numancia.

0 - 1: Diego (min. 7). Indecisión defensiva entre Miguelito e José Manuel nas proximidades da área local que aproveita Diego para adiantarse e bater a Roberto.

0 - 2: Brais (min. 51). Perda de balón no medio campo dos aresáns, que permite aos ponteses pór o balón ás costas da defensa local e fai que Brais, con rapidez, leve o balón e consiga anotar ante a saída de Agustín.

1 - 2: Iván (min 52). Balón en banda esquerda que pelexa Iván e consegue conectar un disparo elevado desde o pico da área que supera ó meta visitante e tras tocar no pau acaba na rede.

1 - 3: Rey (min. 57). Novo erro local en cadea que permite internarse ao equipo visitante por banda esquerda, chegar á liña de fondo e achegarse até a área pequena onde Rey anota o terceiro tanto para As Pontes.

2 - 3: Adrián (min. 64). Balón rexeitado desde a área visitante que chega á esquerda a Novoa quen centra á área e Adrián remata de cabeza cruzando o balón ao fondo da rede.
3 - 3: Iván (min. 65). Internada de Novoa por banda esquerda con pase en profundidade a Iván que entra na área polo pico esquerdo e cruza ante a saída do porteiro.

Primeiro tempo disputado con moita pelexa no medio campo e chegadas de ambos equipos que salvo no gol foron neutralizadas polas defensas. O maior perigo local ocasionouno un disparo de falta ao traveseiro executado por Miguel. Unha vez máis se encaixou un gol moi pronto e novamente máis por demérito propio que por acerto rival.
Segundo tempo onde os locais melloraron o xogo e xeraron máis ocasións aínda que sería o equipo visitante o que volvería a adiantarse no marcador. A rápida reacción en anotar o 1 a 2 xeraba moitas esperanzas nos locais que outra vez encaixarían e terían que sufrir moito para, polo menos, salvar un punto. Nesta segunda metade os porteiros terían máis traballo que na primeira parte.
En resumo mellorouse no xogo con algunhas combinacións de mérito e pelexouse ben sen perder a cara ao rival, non se dispuxeron de tantas ocasións como en partidos anteriores pero acertouse máis na finalización. No negativo, os descoidos e a falta de comunicación entre os xogadores que provocan situacións de perigo que os rivais aproveitan. Unha vez máis os balóns perdidos no medio campo que acaban ás costas da defensa seguen sendo o "talón de Aquiles" do equipo aresano que non acaba de solucionar con seguridade esas situacións.
Con este empate o Numancia cae á sexta praza con 26 puntos superado por San Pedro e Perlío ambos con 27. Na próxima xornada repítese partido na casa, desta vez fronte ao Amistade-Meirás.